

DOSSIER DE PRENSA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Turismo de Santiago.

Ano 2011. 800 aniversario da consagración da Catedral.

ÍNDICE

1. Patrimonio histórico da Humanidade.
2. Historia.
 - As orixes.
 - A fundación da cidade.
 - A cidade cosmopolita do Medievo.
 - A cidade renacentista.
 - A Compostela barroca.
 - O neoclásico.
 - Os siglos XIX e XX.
 - A Compostela do novo milenio.
3. Camiño de Santiago.
 - Primeiro Itinerario Cultural Europeo e Patrimonio da Humanidade.
 - Ano Santo.
 - A Compostela.
 - Historia.
 - Camiños de Santiago.
 - Peregrinos 1987 – 2010.
4. Catedral.
 - O Pórtico da Gloria.
 - 800 aniversario da consagración da Catedral.
5. Monumentos.
6. Universidade.
7. Museos.
8. Parques e xardíns.
9. Arquitectura contemporánea.
 - Apertura da Cidade da Cultura, de Peter Eiseman.
10. Gastronomía.
 - O reino do marisco.
 - Do mar á terra.
 - Postres, uvas e licores.
11. Cidade premiada.

1. PATRIMONIO HISTÓRICO DA HUMANIDADE

Santiago de Compostela foi declarada en 1985 Patrimonio Cultural da Humanidade pola Unesco, ao considerar que a súa beleza urbana e a súa integridade monumental se engadían aos profundos ecos da súa significación espiritual como santuario apostólico e destino do máis importante movemento relixioso e cultural da Idade Media: a peregrinación polo Camiño de Santiago.

Xustificación do Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS) para a inclusión de Santiago na lista de Patrimonio da Humanidade

“Por ser un extraordinario conxunto de monumentos agrupados arredor da tumba de Santiago o Maior, e destino de todas as rutas da maior peregrinación da Cristiandade entre os séculos XI e XVIII, Santiago de Compostela é sen dúbida ningunha un dos máis indiscutíbeis bens patrimoniais da Humanidade. Esta cidade, debido á súa integridade monumental, reúne valores específicos e universais. Ao carácter único das súas obras mestras románicas e barrocas engádese a transcendental contribución estética que emprega elementos diacrónicos e dispares para construír unha cidade ideal que desborda á vez Historia e intemporalidade. A modélica natureza desta cidade de peregrinación cristiá, enriquecida polas connotacións ideolóxicas da Reconquista, ten o seu eco na enorme significación espiritual de un dos poucos lugares tan profundamente imbuídos de fe como para converterse en sagrados para toda a Humanidade. (...)”

2. HISTORIA

- As orixes.

Con anterioridade ó século IX, a cidade de Santiago non existe como tal. Porén, as escavacións arqueolóxicas demostraron que no lugar que hoxe ocupa a cidade histórica, asentábase na Antigüidade unha vila romana que puido alcanzar unha certa importancia e que persistiu ata o século VII, pasando polo reinado dos suevos. Xunto ó recinto amurallado da "civitas" romana erixiuse, no século I, o mausoleo pagán que máis adiante daría orixe á catedral. Non hai dúbida de que, no mesmo século, nese mausoleo recibiron sepultura tres mártires cristiáns, nin do prolongado culto arredor do sepulcro, tal como testemuña o cemiterio cristián circundante que se utilizou ata o século VII.

- A fundación da cidade

Nos primeiros anos do século IX (o ano 813 é o máis probable) o bispo de Iria Flavia, Teodomiro, por indicación dun eremita chamado Pelagio, examina o mausoleo que recoñece como o do Apóstolo Santiago, baseándose na tradición oral segundo a cal Santiago predicara no "finis terrae" hispano e sufrira martirio despois do seu regreso a Palestina. Os discípulos Atanasio e Teodoro trouxeron de novo o seu corpo decapitado, e para isto desembarcaron en Iria Flavia, a vinte kilómetros, e trasladárono ata o monte Libredón, onde o enterraron nunha arca de pedra, segundo conta a lenda.

O rei asturiano Alfonso II trasladouse desde Oviedo con toda a súa corte e recoñeceu a existencia do sepulcro do Apóstolo Santiago; nese mesmo momento declarárono Santo Patrón do reino e converteron o lugar no centro dun culto capaz de aglutinar a cristiandade de Occidente fronte á expansión musulmana. A fundación da cidade dátase no ano 830. Tamén se constrúe a primeira igrexa de Santiago, un sinxelo templo que acollía no seu interior un mausoleo de época romana.

- A Cidade cosmopolita do Medievo

A peregrinación a Compostela adquiriu xa desde a fundación da cidade unha grande importancia. Santiago converterase no foco espiritual da Europa occidental e en receptora de diversas correntes de cultura, pero tamén de tesouros que enriquecen o santuario. Atraídos por estes, os normandos realizaron repetidas incursións pola ría de Arousa, aínda que a invasión da cidade chegaría cos musulmáns, que, comandados por Almanzor, devastaron a urbe no ano 997, aínda que respectaron o sepulcro. Coa reconstrución prodúcese a primeira expansión urbana de Santiago e constrúese unha nova fortificación que define o perímetro da cidade histórica que hoxe coñecemos. No ano 1075 comeza a construción da gran catedral románica.

En 1099 accede ó episcopado Diego Xelmírez, o grande impulsor da sé compostelá e transformador da cidade. Figura clave da política castelá-leonesa, o seu ánimo construtor dirixiuno á catedral, ó pazo Arcebispal e ás igrexas que van acoller as novas reliquias traídas por el, entre elas as de Santa Susana, segunda patroa da cidade.

É unha época de loitas entre o pobo e o señorío arcebispal, das que son protagonistas a raíña dona Urraca, o bispo, os cóngos e abades, os cabaleiros e os burgueses. Desde o primeiro ano do seu

episcopado, a construción da catedral recibe un impulso definitivo cando Xelmírez lle encarga as obras ó Mestre Estevo, que as remata en 1125. Nese intre, a catedral e a cidade medran ó mesmo tempo. Cando morre Xelmírez en 1140, a estrutura da cidade medieval que chegou ata os nosos días, está xa definida.

En 1168 iníciase a segunda gran campaña de edificación da catedral, encargándolle as obras ó mestre Mateo, que é o artista máis importante do seu tempo na Península Ibérica. En Santiago, a súa figura está ligada a dous conxuntos monumentais da catedral: o Coro Pétreo e o Pórtico da Gloria. Finalizado en 1188, o Pórtico da Gloria traspasou as posibilidades estéticas da súa época e marcou novos horizontes, ata o punto de que hoxe podemos consideralo como unha das obras mestras da arte románica e universal.

O 21 de abril de 1211 tivo lugar a cerimonia de consagración da Catedral de Santiago, presidida polo entón rei de León Alfonso IX, ao cal acompañou o seu fillo, o futuro rei Fernando III o Santo.

No século XIII a catedral móstrase en todo o seu esplendor, atraendo cada vez a máis fieis de toda a cristiandade e reforzando as peregrinacións á cidade. Neste tempo está xa definido o Camiño Francés, o máis importante dos que chegan a Compostela. As peregrinacións dan lugar a un fenómeno decisivo na vida da cidade: a instalación dos conventos das ordes mendicantes, polo xeral nas portas da cidade. Conventos como San Francisco, Santo Domingo, Santa Clara ou Belvís, crean novos núcleos que determinan a estrutura da cidade histórica situada extra muros. Ó longo da Baixa Idade Media, Compostela foise conformando tamén como un importante núcleo industrial e comercial: rúas como a da Caldeirería, Moeda Vella, Acibechería ou Concheiros testemuñan a existencia de gremios ricos e florecentes.

Os séculos XIV e XV foron tempos de loitas da burguesía santiaguesa contra o poder da Igrexa, mentres a mitra compostelá sofre unha importante degradación económica. A familia Fonseca, que lle dá tres arcebispos á cidade, rexe o seu destino desde esa época de profundas transformacións do final da Idade Media. En 1495 fúndase o Colexio de Estudantes Pobres, xerme da actual Universidade instituída por Alonso de Fonseca III en 1525. Desde ese momento, Santiago empeza a adquirir un forte carácter de cidade académica e estudantil.

- A cidade renacentista

As primeiras décadas do século XVI supoñen o comezo da transformación urbanística do núcleo monumental de Santiago, iniciada coa fundación polos Reis Católicos do Hospital Real. É a época de esplendor do plateresco. O século XVI comeza incorporando a dimensión civil á cidade e péchase co rexurdimento das congregacións relixiosas. O Renacemento sentou as bases do extraordinario conxunto de espazos públicos dispostos arredor da basílica xacobeá, que o período barroco se encargará de completar e perfilar.

- A Compostela barroca

O ano 1657 pódese considerar como punto de arranque do barroco compostelán. A transformación urbana comeza coa reforma da catedral. Conventos, igrexas e edificios civís participan deste proceso do que xorde o rostro e o perfil urbano que hoxe admiramos. Mentres tanto, seguen os traballos orientados a converter a catedral no novo estandarte da Compostela barroca, que culminarán coa

TURISMO DE SANTIAGO

Rúa do Vilar, 63. 15705 Santiago de Compostela. Tlf prensa: 981 54 23 05.

Correo electrónico: comunicacion@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

construción da fachada do Obradoiro. O episodio que pecha o ciclo barroco en Santiago é a construción do Pazo de Raxoi, que tamén configura a praza do Obradoiro. A obra iniciouse en 1767 sobre o proxecto do enxeñeiro Carlos Lemaury, de clara inspiración clasicista.

- O Neoclásico

A gran renovación dos principais monumentos de Compostela durante o período barroco puxo en evidencia o estado precario e degradado do seu tecido residencial, que mantiña en boa parte as características da época medieval. Os tempos ilustrados establecen os mecanismos concretos para levar adiante a reforma da fachada residencial da cidade, introducindo achegas decisivas para a imaxe que hoxe temos da Compostela histórica, como o lousado, as **fachadas de pedra** e as características galerías.

- Os séculos XIX e XX

Ademais das intervencións destinadas a lle dar un maior decoro ó tecido urbano, durante o século XIX prodúcese en Santiago dúas operacións de carácter público e de forte impacto na súa fisionomía: a construción do Mercado ou praza de Abastos e do parque da Alameda. Neste século desaparecen as murallas da cidade.

O proxecto máis ambicioso e de maior impacto sobre a aínda embrionaria trama urbana da cidade moderna, durante a primeira metade do século XX, foi a Residencia de Estudantes, que daría orixe ao Campus Sur. A actividade construtiva da cidade vaise centrar nese campus durante as décadas dos anos 60 e 70, un tempo marcado polas tensións e especulacións inmobiliarias que dan orixe ó actual Ensanche.

Un feito histórico decisivo para a cidade de Santiago foi a constitución en 1980 da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa designación como sede da Xunta de Galicia (Goberno galego) e das institucións autonómicas, converténdose en capital política e administrativa de Galicia. Ademais, Compostela experimentou un forte impulso como cidade cultural, comercial e de servizos, impoñéndose unha redefinición do papel da cidade e das súas infraestruturas.

- A Compostela do novo milenio

A dimensión que Santiago de Compostela segue a ter como cidade cultural e universitaria, e como punto de encontro para xentes de todo o mundo, alcanzou a súa concreción en diferentes intervencións urbanas que, pola súa calidade e singularidade, participan activamente no diálogo global da vangarda arquitectónica e urbanística deste novo século, como é o caso do Auditorio de Galicia, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), a facultade de Xornalismo, a reordenación da avenida Xoán XXIII – cunha gran marquesiña en fuga e a dársena de autobuses como actuacións destacadas, e en construción a Biblioteca pública–, o Palacio de Congresos e Exposicións, o parque de San Domingos de Bonaval, a Cidade da Cultura... que xunto cos abundantes e coidados espazos verdes, a apertura de novos espazos públicos, as esculturas diseminadas pola paisaxe urbana, etcétera fan de Compostela unha cidade na que conviven, dunha forma única, pasado e futuro. Tradición e actualidade.

3. CAMIÑO DE SANTIAGO

- Primeiro Itinerario Cultural Europeo e Patrimonio da Humanidade

A peregrinación a Santiago transformouse dende moi cedo no acontecer relixioso e cultural máis destacábel e máis profundamente vivido da Idade Media, feito recoñecido recentemente polo Parlamento Europeo, que designou ao Camiño como Primeiro Itinerario Cultural europeo, e pola UNESCO, que o declarou Patrimonio da Humanidade.

O descubrimento do sepulcro do Apóstolo Santiago, fillo de Zebedeo e irmán de Xoán Evanxelista, mudou a face dun miúdo asentamento de orixe romana do noroeste ibérico que, no esquecemento dos séculos, se tiña transformado en necrópole; e significou ademais una reviravolta na historia espiritual de un continente que de seguida se lanzou a labrar un camiño para chegar ate a prezada reliquia

- Ano Santo

O Papa Calisto II, en 1122, no medio da difusión das reformas gregorianas, instituíu o Ano Santo cada vez que a festividade de Santiago, o 25 de xullo, caese en domingo. En 1179 a bula do Papa Alexandre III outorgou a indulxencia plenaria a quen peregrinase en tales datas: a visita dunha tumba apostólica, que de por si tería chegado para mobilizar aos fieis, estaba agora recompensada coa promesa da salvación.

- A Compostela

A quen logre chegar polas súas propias forzas a Santiago, agárdao, en calquera ano, a recompensa da Compostela, un diploma estendido pola Oficina del Peregrino para certificar que a ruta foi feita con sentido cristián. Obtéñeno os peregrinos que cubran os últimos 100 quilómetros a pé ou a cabalo, e os que en bicicleta recorran os últimos 200. En ámbolos dous casos debe portarse unha credencial de peregrino ou un diario de ruta con un ou máis selos diarios dos albergues ou das parroquias recorridas por calquera das seguintes rutas.

- Historia

O achado, ocorrido cara a segunda ou terceira década do século IX, constituía o fin lóxico dunha tradición oral e escrita que, tras a morte de Xesucristo, situaba a Santiago o Maior como evanxelizador en terras da antiga Hispania, segundo suxerían o Breviarum Apostolorum no século VI-VII e os textos firmados polo anglosaxón Beda Venerabilis e o asturiano Beato de Liébana no século octavo. Ao feito histórico da decapitación do Apóstolo por Herodes Agrippa no ano 44, seguen as explicacións proporcionadas polo Códice Calixtin o ou a Legenda Aurea para dar fe do seu traslado a terras do confín continental, aquelas nas que transmitira as ensinanzas de Cristo. O corpo sen vida de Santiago tería sido conducido por dous rapaces novos, discípulos, en barco tripulado por anxos, que cruzou o Mediterráneo e subiu pola costa portuguesa ate o porto romano de Iria na provincia de Gallaecia. Alí, tras unha serie de feitos milagrosos, Santiago tería sido finalmente sepultado no monte Liberum Donum, nun lugar vagamente designado como Arcis Marmoricis.

Case oitocentos anos máis tarde –continúa a tradición – un ermitán tería albiscado luces celestiais que o levaron cara o lugar sagrado, cuxa historia permanece no misterio durante os anos da desintegración do Imperio Romano, a constitución dun reino suevo a dominación visigótica. O eremita tería avisado a Teodomiro, bispo de Iria, do descubrimento, e o Rei Afonso II fixo construír xa daquela unha pequena igrexa, que deixou baixo a custodia de monxes benedictinos. Antes de terminar o século IX, Afonso III encargaba a construción dunha basílica maior, digna do acontecemento que comezaba a mover aos fieis de Europa.

A noticia coincidía cun importante momento político para a consolidación do reino Astur-Galaico , en cuxo territorio ocorría o achado. Expulsadas as tropas musulmás do norte de España, era mester repoboar o territorio e tender cara o resto de Europa unha sólida rede para a circulación de persoas, mercadorías e ideoloxías. Na titánica tarefa sería decisivo o feito de contar cun centro relixioso da medida de Roma ou Xerusalén, que de algún xeito “independizaba” espiritualmente ao reino nacente do estendido imperio de Carlomagno.

As multitudes de peregrinos non se fixeron esperar. Toda a cristiandade desexaba visitar a sepultura do Apóstolo, especialmente tras as invasións turcas que interromperon a peregrinación a Xerusalén xusto cando en Santiago –era o ano 1078- comezara a se construír a catedral románica. Iniciábase así a era dourada da peregrinación a Compostela e consolidábase a ruta máis promovida e mellor dotada por reis e autoridades eclesiásticas: o Camiño de Santiago.

A peregrinación a Santiago transformouse así, dende moi cedo, no acontecer relixioso e cultural máis destacábel e máis profundamente vivido da Idade Media, feito recoñecido recentemente polo Parlamento Europeo, que designou ao Camiño como Primeiro Itinerario Cultural europeo, e pola UNESCO, que o declarou Patrimonio da Humanidade.

Se ben os primeiros peregrinos do século X recorreron o que hoxe se coñece como Camiño do Norte, a través da cornixa cantábrica, a expansión da Reconquista permitiu de seguida aos reis Sancho o Maior de Navarra e Afonso VI de León trazar un itinerario a través do territorio acabado de liberar, que encadeaba as capitais dos reinos navarro, castelán e leonés ate desembocar en Santiago. Coñécese como Camiño Francés e está descrito en todas as súas variantes no Códice Calixtino, obra atribuída ao monxe Aymeric Picaud e escrita por encargo do Papa Calisto II arredor do ano 1139. O seu quinto libro pode considerarse a primeira guía de viaxe europea, pois indica as rutas que seguían xa no século XII os peregrinos por Francia para chegar á Cidade do Apóstolo, e describe os recursos e as impresións que agardaban en cada rexión aos aventureiros viaxeiros.

- Camiños de Santiago
 - Camiño Francés

A ruta por excelencia presenta dúas variantes, dependendo do punto polo que entren os peregrinos dende Francia:

Camiño Francés propiamente dito: Chegados a Saint Jean Pied de Port (Francia), os peregrinos recorren en España 774 quilómetros atravesando as provincias de Navarra, A Rioxa, Burgos, Palencia, León, Lugo e A Coruña. Para unha media de 20-25 quilómetros diarios, acostuman empregarse uns 30 días en chegar ao destino.

TURISMO DE SANTIAGO

Rúa do Vilar, 63. 15705 Santiago de Compostela. Tlf prensa: 981 54 23 05.

Correo electrónico: comunicacion@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

A ruta comezou a ser sinalizada con frechas amarelas nos anos 80, grazas ao esforzo do párroco do Cebreiro, Elías Valiña, e da Asociación de Amigos do Camiño de Navarra. A este primeiro símbolo superpóñense agora os marcos quilométricos e as sinais institucionais das distintas rexións.

- Camiño Aragonés

Entra desde Francia por Somport, territorio aragonés, e continúa polas provincias de Huesca, Zaragoza e Navarra ate arribar – tras 6 días e 167 quilómetros - a Puente La Reina, onde se une ao Camiño Francés.

- Camiño Primitivo

Os primeiros devotos procedentes de Oviedo, a capital do reino astur, seguiron para o seu desprazamento a antiga ruta que, segundo a tradición, levou ao rei Afonso II o Casto ate a tumba do Apóstolo, no primeiro terzo do século IX.

Esta ruta de Oviedo a Santiago foi itinerario seguro e frecuentado ate ben entrado o século X, cando se consolida o actual Camiño Francés desde León, a nova capital do Reino. Mais, aínda despois, seguiu sendo unha importante alternativa, especialmente polo valor espiritual que se outorgaba á visita da Cámara Santa de San Salvador de Oviedo, así como á catedral de Lugo, coa súa exposición permanente do Santísimo.

- Camiño do Norte

Case inmediatamente despois do descubrimento da tumba do Apóstolo Santiago no século IX, os peregrinos comezaron a seguir os camiños astur-galaicos para chegar a Santiago, tendo en conta que a meseta –pola que posteriormente se trazaría o Camiño Francés– estaba aínda ocupada pola invasión musulmá. A ruta permitía aos peregrinos, chegados por terra desde Francia ou desembarcados nos portos vascos, cántabros e galegos, enlazar a tradicional visita ao Salvador na Catedral de Oviedo ou continuar pola costa asturiana ate a ría do Eo.

- Camiño Portugués

Presenta diversidade de rutas, dependendo do punto de orixe do peregrino en Portugal, pero o itinerario máis coñecido parte de O Porto e entra a Galicia por Tui. A ponte internacional Valença do Miño-Tui facilitou o paso sobre o río Miño, que nalgunhas variantes aínda se segue a facer en barca. Outras rutas portuguesas chegan á fronteira española por Chaves, Bragança e, xa en Galicia se unen á Vía de la Prata.

- Camiño Inglés

Os peregrinos europeos que viaxaban en barco ate as costas do norte peninsular, especialmente os británicos, desembarcaban na Coruña ou Ferrol para dirixirse a Compostela.

- Vía da Prata

TURISMO DE SANTIAGO

Rúa do Vilar, 63. 15705 Santiago de Compostela. Tlf prensa: 981 54 23 05.

Correo electrónico: comunicacion@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

A Vía da Prata é a ruta xacobeá de maior percorrido, como prolongación da calzada romana que cruzaba de sur a norte o oeste peninsular para comunicar as cidades de Emerita Augusta (Mérida) con Asturica Augusta (Astorga). Tras a conquista de Sevilla e Córdoba no século XIII, esta vía sur-norte foi reutilizada espontaneamente polos peregrinos xacobeos procedentes de Andalucía e Extremadura. Uns continuaban ate Astorga, enlazando co Camiño Francés. Outros tomaban o camiño a Compostela pola desviación de Puebla de Sanabria a Ourense, o que facía o traxecto máis curto e rectilíneo, mentres que algúns atravesaban o nordeste de Portugal e entraban polo sur da provincia ourensá cara Verín.

- Itinerario Xacobeo do Mar de Arousa e Río Ulla

Esta ruta marítimo-fluvial pola Ría de Arousa e o río Ulla conmemora a chegada a Galicia, por mar, do corpo do Apóstolo Santiago á terra da súa propia peregrinación evanxélica. Segundo a tradición, a barca entrou pola ría e remontou o río Ulla, arribando á cidade romana de Iria Flavia (Padrón), como lembre hoxe unha procesión marítimo-fluvial que chega a Pontecesures e Padrón.

- Camiño Fisterra

Se todos os camiños teñen a súa meta en Santiago, o Camiño a Fisterra (o antigo 'fin do mundo') é o único que ten á cidade santa como orixe. A visita do Santo Cristo de Fisterra e o Santuario da Barca, en Muxía, no medio da impresionante paisaxe dos antigos confíns terráqueos – finis terrae – é un ritual que seguen moitos peregrinos como remate da peregrinación xacobeá.

- Peregrinos 1987 – 2009. Datos da Oficina de Acolida de Peregrinos.

Ano	Peregrinos
1987	2.905
1988	3.501
1989 (<i>Visita do Papa</i>)	5.760
1990	4.918
1991	7.274
1992	9.764
1993 (<i>Ano Santo</i>)	99.436
1994	15.863
1995	19.821
1996	23.218
1997	25.179
1998	30.126
1999 (<i>Ano Santo</i>)	154.613
2000 (<i>Capitalidade cultural europea</i>)	55.004
2001	61.418
2002	68.952
2003	74.614
2004 (<i>Ano Santo</i>)	179.944
2005	93.924
2006	100.377
2007	114.026

TURISMO DE SANTIAGO

Rúa do Vilar, 63. 15705 Santiago de Compostela. Tlf prensa: 981 54 23 05.

Correo electrónico: comunicacion@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

2008	125.141
2009	145.877
2010 (<i>Ano Santo</i>)	270.818

- A peregrinación a Santiago en 2010

O Ano Santo Compostelán 2010 foi o ano con maior número de peregrinos da historia documentada. A Oficina de Peregrinacións recibiu 270.818 peregrinos: 119.574 (44,15%) mulleres e 151.233 (55,84%) homes. A pe chegaron 236.597 (87,36%), en bicicleta 32.793 (12,11%), a cabalo 1.367 (0,50%) e 50 (0,02%) en cadeira de rodas.

Por grupos de idade a distribución foi: Menores de 30 anos, 78.850 peregrinos (29,12%); de entre 30 e 60, 157.927 (58,31%); y maiores de 60 anos, 34.041 peregrinos (12,57%).

A motivación principal foi: Relixiosa, 148.276 (54,75%); Relixiosa-cultural, 108.732 (40,15%); Só cultural 13.799 (5,10%).

Houbo 186.850 peregrinos españois, o 68,99% do total. As principais procedencias dentro de España foron: Galicia, con 34.058 (18,23%); Madrid, con 32.876 (17,59%); Andalucía, con 24.740 (13,24%); Cataluña, con 20.482 (10,96%); Comunidade Valenciana, con 17.119 (9,16%); Castela León, con 13.020 (6,97%); Castila a Mancha, con 8.811 (4,72%); e País Vasco, con 7.160 (3,83%).

Houbo 83.968 peregrinos de fora de España, o 31,01% do total. Os países con maior número de peregrinos foron: Alemaña, con 14.526 (17,30%); Italia, con 14.197 (16,91%); Francia, con 9.138 (10,88%); Portugal, con 7.782 (9,27%); Estados Unidos, con 3.342 (3,98%); Irlanda, con 2.295 (2,73%); Brasil, con 2.113 (2,52%); e Holanda, con 2.054 (2,45%).

4. A CATEDRAL

A Catedral de Santiago, concibida como unha pequena cidade de pedra en torno a unhas reliquias e dotada de vida propia, evolucionou con vitalidade ao longo dos anos, amosándose hoxe como un conxunto heteroxéneo de estilos e tendencias de diferente signo e cronoloxía que se foron superpoñendo sucesivamente.

A Catedral románica, trazada seguindo o modelo francés das igrexas da peregrinación, ergueuse (1075-1211) sobre os restos das primitivas igrexas construídas no lugar onde apareceran as cinzas do Apóstolo, a última destruída por Almanzor no verán do ano 997. O auxe das peregrinacións e as riquezas dun dos señoríos feudais máis grandes da Península Ibérica permitiron o inicio da construción da Catedral baixo o episcopado de Diego Peláez.

Organízase o espazo sobre a tradicional planta de cruz latina e tres naves. O deambulatorio rodea o altar maior coa finalidade de facilitar o acceso ás reliquias a través dun pequeno corredor transversal onde se atopan as cinzas apostólicas. As naves érguense sobre piares cruciformes con columnas anexas. Os volumes distribúense sobre elegantes arcos de medio punto.

A tribuna constrúese sobre as naves laterais. O seu espazo percorre o tramo lonxitudinal do templo e continúa polos brazos do cruceiro e o deambulatorio. Na parte exterior ou triforio consta de arcadas con tramos que inscriben dous arcos máis pequenos. A tribuna é unha construción característica das igrexas de peregrinación, pola necesidade de ampliar o aforo para acoller moitos visitantes.

A nave central de 97 m. de longo e 20 de alto, está cuberta por bóveda de canón e as laterais con bóvedas de aresta. O actual ciborio gótico substituíu a antiga torre románica que se erguía sobre o altar maior. Baixo o ciborio sitúase a estrutura deseñada no século XVI para accionar o botafumeiro, un grande incensario de latón prateado que voa de extremo a extremo do cruceiro, e que se usou para purificar o ambiente cando os peregrinos durmían dentro da Catedral.

No conxunto ábreanse tres portas: a da Acibechería, a de Praterías e a que dá paso ao Pórtico da Gloria desde o Obradoiro. Ideouse un recorrido segundo o cal o acceso debía facerse desde a porta do norte antes coñecida como porta do Paraíso, continuando polo cruceiro ata a o altar maior e o deambulatorio para visitar a tumba do Apóstolo, desembocando no brazo leste con iconografía escultórica baseada no Novo Testamento.

A porta oeste, na que se situou o Pórtico da Gloria, identificada como a do solpor, simboliza o remate dos tempos e o xuízo final. A porta norte foi reformada totalmente no século XVIII e na oeste levantouse a fachada do Obradoiro tamén no século XVIII. Na porta sur ou das Praterías, a única que se conserva das primitivas, debeu existir un programa iconográfico facilmente entendible, pero sucesivas reformas e alteracións fixeron que resulte incomprensible, pois nos cambios perdéronse figuras e encaixáronse outras da desaparecida porta románica do norte substituída pola da Acibechería.

Actualmente, nos tímpanos das dúas portas do Pórtico das Praterías, podemos ver, no da esquerda escenas da tentación de Cristo no deserto, e no da dereita da Paixón. Do conxunto de figuras hai que destacar a do Rei David e a da creación de Adán, situadas nun lateral e a de Eva coa caveira no regazo situada no tímpano esquerdo. O friso que ocupa o ancho das dúas portas constitúe unha fermosa

TURISMO DE SANTIAGO

Rúa do Vilar, 63. 15705 Santiago de Compostela. Tlf prensa: 981 54 23 05.

Correo electrónico: comunicacion@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

exposición de escultura medieval. O eixo central do friso contén unha fermosa imaxe de Cristo bendicendo.

- O Pórtico da Gloria

A entrada oeste foi completada no ano 1188 coa realización da obra cumbre da escultura románica: o Pórtico da Gloria. Concebido como atrio ou nártex da catedral, este complexo conxunto esculpido polo Maestro Mateo en só 20 anos consta de tres arcos. Máis de 200 figuras de granito compoñen unha mensaxe teolóxica centrada na idea da salvación.

No arco central, a visión apocalíptica da Xerusalén Celeste: Cristo resucitado, rodeado polos catro Evanxelistas, Xoán, Lucas, Mateo e Marcos, que deixan espazo aos xustos e a un grupo de anxos. Sobre eles, na arquivolta, os 24 anciáns conversan entre si mentras afinan os instrumentos cos que entoarán o canto da Gloria. O arco lateral esquerdo destínase a esceas do Antigo Testamento, e se apoia sobre columnas que amosan aos profetas. Entre eles sobresa a figura de Daniel, posedor dun sorriso que fixo historia, por canto a súa naturalidade e expresividade, inusuais no Románico, considéranse precursoras de novos tempos artísticos. Eran os primeiros pasos do gótico en Compostela, anunciados tamén pola bóveda de crucería. O arco dereito, pola súa parte, adícase ao Xuízo Final, e se apoia sobre figuras de apóstoles: Pedro, Pablo, Santiago e Xoán. O patrón da Catedral, Santiago Apóstolo, volta aparecer na columna central de mármore. Este parteluz, labrado cunha representación da Árbore de Jesé ou xenealoxía de Cristo, amosa a media altura as profundas marcas das mans peregrinas. Detrás da columna, o Mestre Mateo axeonllado é coñecido como o 'Santo de los Croques'.

- 800 aniversario da Catedral

O 21 de abril de 1211 tivo lugar a cerimonia de consagración da Catedral de Santiago, presidida polo rei de León Alfonso IX, ao cal acompañaron o seu fillo, o futuro rei Fernando III o Santo, 10 bispos galegos e portugueses e todas as persoalidades eclesiásticas e civís de León e Galicia. Foi o principal evento dunha cidade que en aqueles anos gozaba de numerosos privilexios que permitiron acometer o final das obras na basílica, a cargo de Mestre Mateo, e axudaron a que se implantasen en Santiago órdes relixiosas, artesáns e operarios. Todo nun dos momentos máis álxidos das peregrinacións á tumba do Apóstolo.

Neste 2011 celébrase o 800 aniversario da consagración da Catedral, un evento declarado Acontecemento de Excepcional Interese Público polo Congreso dos Deputados, o que permitirá que as entidades privadas que colaboren no programa establecido para a conmemoración gocen de bonificacións e exencións fiscais.

O programa de actividades inclúe dous grandes tipos de actuacións: por una banda, obras de restauración e mantemento contempladas dentro do Plan Director da Catedral e nos estudos previos do Plan Director de Infraestruturas da Cidade Histórica relacionadas co conxunto catedralicio (suministro enerxético, telecomunicacións, etc); por outra banda, a execución dun programa cultural que, entre outras actividades, constará de dous exposicións, unha sobre a historia da Catedral e outra sobre a cidade de Santiago na época da consagración da basílica, e unha ampla oferta de ciclos musicais.

5. Monumentos da cidade

Santiago de Compostela posee un gran conxunto monumental. En www.santiagoturismo.com pode atoparse información de cada un dos edificios que se listan a continuación:

- Catedral
- Colexio San Clemente de Pasantes
- Mercado de Abastos
- Casa do Deán
- Colexiata Santa María a Real do Sar
- Convento de Belvís
- Convento de Santa Clara
- Convento do Carme
- Convento do Colexio da Compañía de María o da Ensinanza
- Convento e Igrexa das Madres Mercedarias
- Igrexa e Convento de San Domingos de Bonaval
- Convento e Igrexa de San Francisco
- Convento e Igrexa de Santo Agostiño
- Convento, Igrexa e Colexio das Orfas
- Igrexa da Compañía ou da Universidade
- Igrexa da Nosa Señora da Angustia
- Igrexa da Terceira Orde
- Igrexa das Ánimas Iglesia de San Bieito do Campo
- Igrexa de San Fiz de Solovio
- Igrexa de San Frutuoso
- Igrexa de San Miguel dos Agros
- Igrexa de San Pedro
- Igrexa de Santa María do Camiño
- Igrexa de Santa María Salomé
- Igrexa de Santa Susana
- Igrexa de O Pilar
- Mosteiro e Igrexa de San Martiño Pinario
- Mosteiro e Igrexa de San Paio de Antealtares
- Seminario Menor
- Antigo Colexio dos Irlandeses - Pazo de Ramirás
- Casa da Parra
- Casa das Pomas
- Casa do Cabido
- Casa da Conga
- Casa dos Fonseca
- Hostal dos Reis Católicos
- Pazo de Amarante
- Pazo de Bendaña
- Pazo de Feixoo

TURISMO DE SANTIAGO

Rúa do Vilar, 63. 15705 Santiago de Compostela. Tlf prensa: 981 54 23 05.

Correo electrónico: comunicacion@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

- Pazo de Fondevila
- Pazo de Raxoi
- Pazo de San Lourenzo de Trasouto
- Pazo de Santa Cruz
- Pazo de Vaamonde
- Pazo de Xelmírez
- Casa Gótica
- Colexio de Fonseca
- Colexio de San Xerome
- Mosteiro e Igrexa de Santa María de Conxo
- Antigo Hospital e Igrexa de San Roque

6. A Universidade de Santiago

A Universidade de Santiago de Compostela é, dende fai máis de 500 anos, o eixo reitor da educación da cidade e da comunidade autónoma. A súa fundación remóntase a 1495, data na que se creaba o Estudo Vello ou de Gramática aberto por Lope de Marzoa no mosteiro de San Paio de Antealtares. Tras a súa fusión co Colexio de Santiago Alfeo, fundado polo arzobispo Fonseca, viu aprobados os seus primeiros estatutos en 1555.

Dende entón, a universidade –que comezou impartindo as cátedras de Arte e Teoloxía– ampliou o seu campo docente ate chegar ás máis de 60 titulacións que ofrece actualmente en 32 facultades, escolas e centros de estudos situados nos campus de Santiago e Lugo.

As instalacións da USC –á que se suman os institutos de investigación, residencias universitarias, campos deportivos, espazos culturais e bibliotecas, entre outros- ocupan hoxe 1.300.000 metros cadrados acollen a uns 33 mil estudantes, máis de 2 mil docentes e investigadores e mil empregados.

A Universidade é tamén un activo programador cultural, que organiza un centenar de eventos anuais entre exposicións, teatro, danza e cinema.

7. Museos da cidade

Dentro da oferta cultural de Santiago de Compostela temos unha serie de museos con importantes exposicións permanentes así como prestixiosas coleccións de artistas con renome internacional. Os máis destacados son:

Museo da Catedral

Museo do Pobo Galego

CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea)

Museo-Fundación Eugenio Granell

Museo das Peregrinacións

Museo de Arte Sacra

Museo de Terra Santa

Museo da Colexiata do Sar

Casa da Troia

Museo de Historia Natural

Museo do Colexio Médico

Mupegá (Museo Pedagógico de Galicia)

8. Parques e xardíns

Os parques e xardíns teñen a virtude de transformarse a si mesmos ao longo das estacións, modificando pola súa vez toda a cidade: coloreándoa no outono, espíndoa no inverno, iluminándoa na primavera, asombrándoa no verán, invadíndoa co olor da terra mollada, da herba acabada de cortar, das plantas que florecen..., e son, sen dúbida, os mellores salóns desde os que contemplar os seráns de Compostela.

A paisaxe de Santiago caracterízase desde sempre pola presenza do verde. Desde case calquera punto da cidade, e moi especialmente da cidade histórica, ábreanse perspectivas que descubren os parques urbanos, ou que foxen cara ás terras de labor ou cara ás masas de arboredo dos montes que rodean a Compostela.

A esa sensación de proximidade da natureza contribúen sen dúbida desde hai xa séculos os xardíns históricos –o conxunto formado polo parque da Alameda, a carballeira de Santa Susana e o Campus Universitario Sur, mais os parques de San Domingos de Bonaval e de Belvís- que seguen estando entre os lugares máis emblemáticos e visitados da cidade.

Coa expansión urbana a partir de mediados do século XX, incrementouse o número de vivendas e tamén a necesidade de garantir un desenvolvemento urbano sostíbel a través da creación de novos espazos verdes, labor que se asumiu con profundidade nos anos 90 e cuxo resultado converteu a Santiago, con máis de un millón e medio de metros cadrados de espazos verdes públicos, nunha cidade que se pode circunvalar e coñecer paseando polos seus parques e xardíns. Por esta calidade paisaxística e medioambiental, a cidade recibiu varios premios e o recoñecemento internacional.

As novas zonas verdes que abrazan a cidade salvagardaron a relación histórica do construído co contorno natural, de maneira que aínda nos nosos días podemos gozar das mesmas estampas urbanas que tiveron, moito tempo atrás, outros viaxeiros e peregrinos...

9. Arquitectura contemporánea

A singularidade e o encanto de Santiago foron medrando ao longo do tempo coa combinación e superposición de estilos de diferentes épocas, que a praza do Obradoiro sintetiza tan ben. As novas accións da época contemporánea enriquecen aínda máis esa imaxe acumulativa que define á cidade. Os arquitectos da actualidade, algúns de fama internacional, transforman o espazo urbano tal como no pasado o fixeron os canteiros que chegaban de lonxe.

O patrimonio que Santiago de Compostela ofrece incrementouse nas dúas últimas décadas cun sobresaliente conxunto de obras de arquitectura contemporánea e de actuacións urbanísticas de deseño, algunhas das cales se realizaron na zona monumental, nun diálogo co patrimonio histórico que foi merecedor do aplauso internacional.

A importancia de Santiago ao longo da historia converteu a cidade no centro efectivo e simbólico de Galicia, estímulo ao que as institucións públicas responderon con edificacións e deseños urbanos de calidade que nos últimos quince anos se realizaron na cidade, asinados por algúns dos máis importantes nomes da arquitectura contemporánea mundial: Álvaro Siza, Manuel Gallego Jorreto, Giorgio Grassi, John Hejduk, Josef Paul Kleihues, Alberto Noguerol, Jean Nouvel, Andrés Perea, Arata Isozaki, Peter Eisenman, Norman Foster, César Portela, Víctor López Cotelo, Albert Viaplana, Helio Piñón, etc.

- Inauguración da Cidade da Cultura

A Cidade da Cultura será un dos grandes iconos de Santiago de Compostela e Galicia no século XXI. Escavada literalmente no monte Gaiás, é unha obra de gran envergadura. Os seus seis edificios dispóñense nunha extensión que deliberadamente iguala á da Cidade Histórica. É unha construción única, modular e á vez paisaxística, que nace dunha pauta formal, que ten como esencia a defragmentación, para finalmente integrarse nun compacto e singular paisaxe luar.

O 11 de xaneiro de 2011 inaugúranse os dous primeiros edificios dos seis que compoñen a obra: a Biblioteca de Galicia e o Arquivo de Galicia. Os outros catro edificios son: Museo de Galicia, Centro da Música e as Artes Escénicas, Centro de Arte Internacional e Servicios Centrais. Todo o conxunto acollerá servizos e actividades destinados á preservación, estudo, investigación, experimentación, produción e difusión nos ámbitos das letras, o pensamento, a música, o teatro, a danza, o cine, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación.

Neste vídeo, o seu autor, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman, explica a súa obra en polo miúdo: <http://www.youtube.com/watch?v=5dHZ-Zy9I5w>

10. Gastronomía.

A gastronomía compostelana convertiuse nun motivo máis para motivar a viaxe dos aficionados a comer ben y moito. Dende o seu mercado, o Mercado de Abastos, a cidade ofrece todos os seus produtos frescos, recién desembarcados nos portos ou acabados de saír da orta, e os mostra con orgullo nos inverosímiles bodegóns que decoran os escaparates de bares, mesóns e restaurantes.

Diante da mesa, as opcións dependen do tamaño da fame: o apetito maior pode saciarse cun menú de tres platos, por un prezo que pode incluír pan e bebida; as ganas de 'picar' responden máis a unha comida informal composta por 'racións', é dicir, fontes de calamares, pulpo, tortilla, pementos, ensalada, tablas de queixos ou embutidos pensados para ser consumidos en grupo. Neste caso, é moi normal que cada un coma co seu propio tenedor directamente da bandexa e que a hora de pagar se faga un 'bote' dividendo o prezo da cea en partes iguais.

As 'racións' non deben confundirse coas 'tapas', que son os pequenos bocados que aparecen xunto a bebida sen ser solicitados, por expresa cortesía do bar, e que en Santiago, a diferenza de algúns outros lugares, son gratuitos.

- O reino do marisco

O estandarte da boa mesa local lévano os crustáceos e os moluscos, grupo variopinto que todos chaman, simplemente, 'marisco'. Cigalas, lagostinos, gambas, camaróns, navallas, ostras, vieiras, mexillóns, ameixas, berberechos, zamburiñas, santiaguiños, centolas, lagostas, lumbrigante, bois de mar ou nécoras que se serven cocidos ou á grella, do tempo ou quentes, pero sen mollos que disfracen as súas calidades, que medran –di a tradición– nos meses con 'r', é dicir, de setembro a abril.

Merece mencionarse á parte o polbo á galega, é dicir, cocido e bañado en pementón e aceite de oliva. Hai que probalo tamén guisado con cachelos (patacas). Os mariscos poden entrar, ademais, en sopas, arroces e paellas; en croquetas, escabeches ou empanadas. Como tapa, como ración, como pincho nunha festa ou entrante, a empanada échese con carnes ou peixes e mariscos en ousadas combinacións, entre as que destaca o bacallau con pasas.

O primeiro prato por excelencia é o caldo galego, que agacha os milagres que obran xuntos as patacas, fabas e grelos ou verzas cociñados con unto, esa manteiga de porco afumada omnipresente nos pratos de inverno.

- Do mar á terra

Pescadas, rodaballos, meros, robalizas, linguados, ollomoles e peixes sapo son os peixes das augas galegas que 'nadan' nas cartas dun auténtico mar de restaurantes. As sardiñas e xurelos van, por excelencia, fritos; o resto admite dende un sinxelo paso pola prancha ou ao forno ate succulentos guisos 'á galega' –con allada, aceite de oliva e abundante pementón–, en caldeirada a 'á pota', o que xa implica a presenza na ola de varias especies, patacas, xudías ou chícharos e a apreciábel escolta de lagostinos ou ameixas. Dos mil ríos galegos chegan, alén disto, salmóns, troitas e lampreas.

A capital de Galicia é tamén escenario para a degustación da famosa tenreira galega, que brinda churrascos, solombo e chuletóns de considerable tenrura e tamaño. Mais o grande protagonista dos pratos de inverno é, moi ao seu pesar, o porco. A partir da súa matanza, en novembro –'a todo porco lle chega o seu San Martiño' - aparece en preparacións como o lacón con grelos (as patas dianteiros do animal curados e servidos con patacas, chourizo e follas tenras de nabo) ou no cocido galego, que combina carne fresca, galiña, chourizo, lacón, costela salgada, touciño, orella e morro de porco con patacas, garavanzos e grelos.

Morcillas e chourizos poden ademais presentarse enchendo as filloas, que aparecen na la gastronomía galega a tempo para a matanza e o Entroido, soas ou acompañando ao cocido. Son unhas tortillas, semellantes ás crêpes bretoas, que tamén son moi populares na súa versión doce.

- Postres, viños e licores

Aquí non acaban as opcións da sobremesa. Compostela legou á gastronomía galega a chamada torta de Santiago, que nos seus 200 anos de historia soubo mesturar as proporcións xustas de amendoa moída, ovos, azucre, manteiga e pintiñas de canela debaixo dun manto de azucre en pé que debuxa a cruz do Apóstolo. Se se quere terminar a comida con queixos as opcións son moitas, porque Santiago está arrodeada de bos produtores de queixos, como os de Arzúa-Ulloa, os do Cebreiro, ou os de San Simón, puntiagudos e afumados. Reina entre eles o queixo de tetilla, de sabor suave pola súa corta maduración, e inconfundíbel pola súa forma.

O rego faise con viños procedentes de todos os recantos galegos. O popular Ribeiro, da rica zona vitícola de Ourense, é lixeiro e novo na súa versión branca, e cargado cando é tinto. Das Rías Baixas chegan o Albariño, fiel compañia do marisco, seguido polos caldos de Tea, Rosal, Ribeira de Ulla e Salnés. Tamén deben catarse os viños da Ribeira Sacra -brancos e tintos, encabezados polo histórico Amandi que, din, xa era coñecido nas mesas dos Césares romanos-; os de Monterrei, que abranguen dende brancos lixeiros ate tintos afroitados de intensa cor púrpura , e os de Valdeorras, que nacen tamén en Ourense, e se reparten entre brancos –Godello- e tintos –Mencía-.

O remate natural de calquera enchente son as augardentes ou oruxos, que poden tomar forma de licor de herbas, licor café e moitas máis. A caña é tamén a base das queimadas , que poñen a arder o oruxo con azucre, pelar de laranxa ou limón e graos de café namentres se recita un conxuro contra os maleficios de meigas e trasnos .

11. Cidade premiada

1941. Conxunto Histórico de Interese Nacional.

1985 . Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, 4 de decembro de 1985. Galardón recibido en marzal de 1986.

1985. Premio Europa. Distinción do Consello de Europa a unha cidade polo seu compromiso europeo.

1987. Primeiro Itinerario Cultural Europeo. Consello de Europa.

1987. Bandeira de Honra do Consello de Europa, 23 de outubro de 1987.

1992. Premio Firenze do Centro Culturale Firenze Europa o 5 de decembro de 1992. Patrocina: Comune de Florencia.

1993. Premio Real Fundación de Toledo. Recibido en outubro de 1994. 'Polo seu proxecto de recuperación e renovación urbana, que combina axeitada e intelixentemente a tradición e o contemporáneo'.

1993. O Camiño de Santiago foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO o 10 de decembro de 1993.

1994. Premio Europa Nostra pola rehabilitación da antiga fábrica de curtidos de Carme de Abaixo. Arquitecto: José Luis Pereiro.

1995. Ciudad europea da cultura no ano 2000, xunto a Avignon, Bergen, Bolonia, Bruxelas, Cracovia, Helsinki, Praga e Reikjavik.

1996. Premio Gubbio. Asociación Nacional de Centros Histórico Artísticos de Italia (ANCSA) e polo Axuntamento de Gubbio. Concedido ao 'Programa Ponte de Rehabilitación de Vivendas da Cidade Histórica de Santiago de Compostela'.

1996. Premio Europa Nostra. Pola política de rehabilitación do patrimonio no centro histórico da cidade.

1997. Medalla da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa. En recoñecemento á cidade polos seus esforzos para promover o patrimonio europeo da cidade de Santiago de Compostela.

1997. Premio Manuel da Dehesa. Aos arquitectos Álvaro Siza Vieira e Isabel Aguirre Urcola pola súa actuación de rehabilitación do antigo cemiterio e Hortas de Bonaval como parque público, aberto ao público en 1994.

1998. Premio Europeo de Urbanismo. Concedido pola Comisión Europea na categoría de planificación local, despois de competir con 130 actuacións de todo o continente.

TURISMO DE SANTIAGO

Rúa do Vilar, 63. 15705 Santiago de Compostela. Tlf prensa: 981 54 23 05.

Correo electrónico: comunicacion@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

2001. Premio Europa Nostra 1999-2001 polas obras de rehabilitación da Catedral de Santiago desenvolvidas pola Consellería de Turismo e Cultura da Xunta de Galicia entre os anos 1997 e 1999.

2001. Premio Torre Guinigi. Concedido pola cidade italiana de Lucca (Toscana) polos traballos de recuperación da cidade histórica desenvolvidos nos últimos anos.

2002. Premio 'Habitat' de Boas Prácticas (ONU). Obtido no IV Concurso Internacional de Boas Prácticas das Nacións Unidas pola planificación da protección e rehabilitación da Cidade Histórica de Compostela.

2003. Premio Archival. Concedido pola Asociación para a recuperación dos centros históricos de España (Archival) por ser referente de rehabilitación de conxuntos históricos para outras cidades e saber encamiñar os seus procesos de recuperación para conseguir unha cidade máis habitábel, con mellor oferta de servizos e de indiscutíbel calidade de vida.

2003. Medalla do Eixo Atlántico. Concedida polo Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, polo seu traballo de recuperación e preservación do seu patrimonio histórico-monumental.

2003. Premio Manuel de la Dehesa (VII Bienal de Arquitectura Española). Ao arquitecto Víctor López Coteló (Madrid, 1948) pola conversión da antiga vacariza do Carme de Abaixo nun grupo de 21 vivendas. Actuación de iniciativa privada.

2004. Premio Príncipe de Asturias á Concordia ao Camiño de Santiago como lugar de peregrinación e de encontro entre persoas e pobos que, a través dos séculos, se converteu en símbolo de fraternidade e vertebrador da conciencia común europea.

2006. Premio Bandeira Verde - Cidade Sustentable da Federación de Usuarios e Consumidores Independentes en recoñecemento aos concellos que de xeito eficiente encamiñan as súas actuacións cara a sustentabilidade.

2007. Premio Reiña Sofía de Accesibilidade Universal 2006.

2007. Premio ao Mellor Destino Turístico Internacional 2007. Outorgado en Brasil pola revista "Brasil Travel" e a Associação Brasileira de Agências de Viagens.

2007. Premio ARQAno ao fomento da Arquitectura, pola su continua e atenta xestión urbanística que incorpora a arquitectura como un dos seus piares fundamentais.

2010. Premio Cidades Patrimonio á Oficina da Cidade Histórica e de Rehabilitación do Concello de Santiago pola súa actuación como "unha continuada intervención integral modélica".